/

ELECCIÓNS NOVEMBRO 2026

–OFICINA DO CENSO ELECTORAL–

SOLICITUDE DE VOTO DOS/DAS ELECTORES/AS TEMPORALMENTE NO ESTRANXEIRO

–FOLLA AUXILIAR–

O impreso que se acompaña a esta folla auxiliar é o modelo de solicitude que o/a elector/a ten que cubrir para solicitar, da delegación provincial da Oficina do Censo Electoral que corresponda, a documentación para exercer o seu dereito de sufraxio por correo desde o estranxeiro nas eleccións que terán lugar o próximo día **29 de novembro**.

QUEN PODE UTILIZAR O PROCEDEMENTO DE VOTACIÓN DOS/DAS ELECTORES/AS TEMPORALMENTE NO ESTRANEXEIRO?

Poderán votar mediante este procedemento os/as electores/as que se atopen temporalmente fóra do territorio nacional unha vez efectuada a convocatoria das eleccións, que prevexan permanecer nesta situación ata o día da votación e que figuren inscritos no rexistro de Matrícula Consular como non residentes.

A solicitude e a inscrición no rexistro de Matrícula Consular poden realizarse nun mesmo acto.

Unha vez feita a solicitude do voto por correo, de resultar aceptada, non poderá votar persoalmente.

PROCEDEMENTO DE VOTACIÓN:

A. SOLICITUDE

O impreso de solicitude pode recollerse nas oficinas consulares de carreira ou seccións consulares de embaixada, ou descargarse de maneira telemática da web do Ministerio do Interior **www.infoelectoral.interior.gob.es** ou do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación **www.exteriores.gob.es**

A solicitude deberá dirixirse á delegación da Oficina do Censo Electoral da provincia onde o/a elector/a figura inscrito/a no censo electoral.

B. LUGAR DE PRESENTACIÓN

A solicitude cuberta e asinada debe entregarse persoalmente na Oficina Consular de Carreira ou Sección Consular de Embaixada. O funcionario consular esixiralle ao/á elector/a súa identificación mediante a exhibición do seu documento de identidade ou pasaporte, verificando a súa inscrición no Rexistro de Matrícula Consular como non residente, así como a coincidencia da sinatura.

A Oficina Consular de Carreira ou Sección Consular de Embaixada remitiralle a solicitude de maneira inmediata á delegación provincial da oficina do Censo Electoral correspondente.

C. PRAZO PARA SOLICITAR O VOTO POR CORREO

Pódese solicitar a partir da data de convocatoria e **ata o día 31 de outubro**.

Con todo, recoméndase que **formule a petición canto antes.**

D. ENVÍO DA DOCUMENTACIÓN PARA O VOTO POR CORREO

A delegación provincial da Oficina do Censo Electoral correspondente iniciará o envío da documentación electoral o día 3 de novembro. O envío farase ao domicilio indicado por Vde. na solicitude e ao seu nome.

O aviso de recibo acreditativo da recepción da citada documentación deberá ser asinado persoalmente pola persoa interesada, logo de acreditación da súa identidade.

E. PRAZO PARA REMITIR O VOTO POR CORREO

O voto débese remitir por correo certificado non máis tarde do día 25 de novembro.